

Compostela garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir. Porén non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un ciclo programado pola Área de Cultura do Concello de Compostela que abre as portas de tesouros, habitualmente fechadas, e diseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para que os seus usuarios garden na memoria unha experiencia cultural única.

**Reserva
a túa praza!**

As visitas guiadas que realizamos na Semana do Patrimonio Invisible baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos. Por este motivo as prazas para cada quenda de visitas son limitadas, e o proceso de reserva precisa da confirmación mediante correo electrónico por parte da organización a cada visitante.

.....
Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que cada solicitante poderá reservar un máximo de **unha visita para dúas persoas.**

Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial e **completar o formulario de reservas:**

www.patrimonioinvisible.gal

Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal




C
Compostela
Cultura

SEMANA DO PATRIMONIO INVISIBLE

Espazos agochados de Compostela

Do 12 ao 17 de setembro 2022
V edición





Convento de San Francisco

Durante a visita que San Francisco de Asís fai a Compostela en 1214 ten lugar a fundación deste mosteiro, hoxe un dos edificios máis importantes da cidade, e lugar no que o ano 1520, tiveron lugar as “Cortes” presididas polo emperador Carlos V.

Tribuna da Catedral

Faremos un percorrido interior en altura polo edificio máis importante da cidade, desde onde teremos unha visión perfecta da súa estrutura románica.

Confraría do Rosario

No interior de San Domingo de Bonaval visitaremos e coñeceremos a capela e o cemiterio desta institución, fundada fai máis de 500 anos e peza fundamental da Semana Santa compostelá.

Fundación Laboral de la Construcción

Hoxe sede desta institución, era unha das curtidorías máis antigas da cidade e máis grandes de Galicia.

Facultade de Xeografía e Historia

Este templo do saber construído entre os séculos XVIII e XIX agocha sorprendentes espazos como o paraninfo ou a sala de lectura e unhas magníficas vistas sobre a cidade histórica.

Colexio de Fonseca

Neste fermoso edificio visitaremos o claustro e espazos máis agochados coma a Biblioteca América e o Salón Nobre.

Arquivo Histórico Universitario

Localizado na rúa das Casas Reais, este edificio conserva gran parte de historia da Universidade compostelá así como fondos históricos do Hospital Real, o Concello de Santiago ou dos antigos municipios de Sar, Enfesta e Conxo.

Mananciais de Compostela

Visitaremos os antigos mananciais de Fonte Branca e Ponte Mantible para coñecer de primeira man os puntos orixinais da arquitectura da auga da cidade.

10 Luns

- 12 h Convento de San Francisco
13 h Tribuna da Catedral
17 h Confraria do Rosario
18 h Tribuna da Catedral
19 h Fundación Laboral
20 h Faculdade de Xeografía e Historia

10 Martes

- 12 h Colexio de Fonseca
13 h Arquivo Histórico Universitario
17 h Colexio de Fonseca
18 h Convento de San Francisco
19 h Confraría do Rosario
20 h Facultade de Xeografía e Historia

14 **Mércores**

- | | |
|------|---------------------------------|
| 12 h | Fundación Laboral |
| 13 h | Arquivo Histórico Universitario |
| 17 h | Mananciais de Compostela |
| 18 h | Mananciais de Compostela |
| 19 h | Mananciais de Compostela |
| 20 h | Mananciais de Compostela |

15 Xoves

- | | |
|------|-----------------------------------|
| 12 h | Colexio de Fonseca |
| 13 h | Tribuna da Catedral |
| 17 h | Colexio de Fonseca |
| 18 h | Tribuna da Catedral |
| 19 h | Convento de San Francisco |
| 20 h | Facultade de Xeografía e Historia |

10 Venres

- 12 h Convento de San Francisco
13 h Arquivo Histórico Universitario
17 h Fundación Laboral
18 h Confraría do Rosario
19 h Visita secreta
20 h Visita secreta

Sábado

- Noite do Património**
20 h. Percorrido pola Compostela oculta